



O encontro de novos escritores en Normal tratará sobre a edición dixital

O Cubo de Normal acollerá o sábado, 17 de setembro, O VI Encontro de Escritoras/es Novas/os (AELG), baixo o epígrafe “Da tinta á pegada dixital”. Unha edición máis, esta vez contando con Normal como escenario, o encontro dos novos e novas escritores sitúase ao redor da palabra á escoita das ideas e proxectos dos nosos autores e autoras máis nov@s. Unha oportunidade de achegarmos ás novas linguaxes, tecnoloxías e pegadas dixitais que os tempos nos presentan, abríndonos outras posibilidades na comunicación e no diálogo necesario.

Con respecto ao programa, as xornadas comezarán ás 10.30 horas coa conferencia inaugural titulada “As revistas literarias na era dixital. Alternativas”, a cargo de Tati Mancebo. Xa ás 12.00 horas celebrarase a mesa redonda titulada “Crear desde a ventá”, na que actuará como coordinadora Antía Otero e como relatoras e relatores Estíbaliz Espinosa, Leo F. Campos e Ana Cibeira. Pola tarde, ás 16.30 horas retomaranse as xornadas coa mesa redonda sobre “As revistas dixitais en Galiza: pasado, presente e futuro”, coordinada por Elvira Riveiro e coa participación de María Xesús Nogueira Pereira, Montserrat Pena Presas e Gaspar Domínguez. As sesións rematarán ás 19:00 horas cun recital a cargo de Andrea Nunes, Berta Dávila e María Rosendo.

16 de setembro do 2011